



A **Noite** d@
investigador@s

Hoxe ceamos Ciencia

Venres, 24 de setembro de 2010
a partir das 17 horas

IES ROSALÍA DE CASTRO
Rúa San Clemente, 3
Santiago de Compostela

Esperta en

ACTIVIDADES ABERTAS A PÚBLICO DE TODAS AS IDADES

Teatro, experimentos, xogos, obradoiros, degustacións, sorpresas e encontros con científicos@s.

ResKitchLab:
Researchers in the Kitchen
<http://rn10.net>

Proxecto cofinanciado pola Comisión Europea no marco do Programa Europeo FP7 (FP6) Researcher's Night

Laboratorio de Arte, Esperta e revolución para a ciencia

**Burgos · Girona · Las Palmas de Gran Canaria
Murcia · Oviedo · Santiago de Compostela**



CALENDARIO DE ACTIVIDADES EN HORARIO DE TARDE



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

**17:00- 17:45 HORAS: “CIENCIA QUE ALIMENTA”
REPRESENTACIÓN TEATRAL**

Ficha técnica:

Guión orixinal: Pío M. González Fernández

Adaptación dramática: Carlos Godoy

Compañía: *Roto e Descosido*

Actores: Carlos Godoy e Agustín Leirós

Duración aproximada: 40 minutos

Público: infantil e xuvenil

Lugar: Salón de Actos do IES Rosalía de Castro

Sinopse:

“Ciencia que alimenta” é unha representación teatral con contidos científicos e sen comunicación verbal convencional (linguaxe onomatopeica). Neste caso a intención é divulgar a ciencia coa imaxe, potenciando a observación e os outros sentidos: a través do tacto, do olfato,... Non só é unha aposta por desvincular as explicacións e a transmisión da ciencia da linguaxe oral, senón potenciar a capacidade de observación, da simple observación que nos leve a profundar na explicación científica do que estamos a ver. E tamén pretende chegar a colectivos –neste caso os xordos- que non teñen as mesmas posibilidades de comunicación que o resto da sociedade. Procuramos ademais transmitir a todos os públicos o espírito e o traballo científico.

A obra abrangue unha sucesión de experimentos científicos ou demostracións de algún concepto da ciencia que son realizados por dúas personaxes, un profesor científico (toda unha eminencia) e o seu axudante (burlón, pasota e un chisco toupón). A ciencia require estudo, atención e esforzo, pero a recompensa (o coñecemento), pode ser moi grande para as persoas que se achegan a ela.

Esta divertida comedia vai dirixida a todos os públicos, adaptándose o guión ás diferentes idades do público, sendo este dende os estudantes de infantil e primaria, até o público en xeral.

A obra representouse en corenta centros educativos e sociais no marco das Semanas da Ciencia 2008 e 2009. Tamén foi seleccionada na fase final do concurso internacional de teatro científico en Granada, en setembro do ano 2009.

18:00 A 22:00 HORAS OBRADOIROS

1.- OBRADOIRO *QUE COMÍA A XENTE DOS CASTROS?. BANQUETE NA LANZADA*

Centro de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
Monitores científicos: Martina González (Responsable Cultura Científica do Lapa).

e Xurxo M. Ayán (Técnico superior Act. Prof. Lapa)

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

O público poderá ver de primeira man como era a alimentación na época castrexa, en concreto que comían os habitantes do Campo da Lanzada. Os participantes coñecerán os resultados das últimas escavacións neste xacemento que remataron o pasado 17 de setembro. Poderán ver e manipular material cerámico, osos de diferentes animais que apareceron no xacemento e cunchas de diversos moluscos que apareceron nos concheiros (os basureiros dos castros). Asemade poderan aprender como fabricaban os útiles para cociñar e como os empregaban.

2.- OBRADOIRO *MELLORANDO O PAN DE MILLO*

Centro de investigación Misión Biolóxica de Galicia

Monitora científica: Rosa Ana Malvar (Profesora de Investigación) e Amando Ordás (Profesor de Investigación)

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

Explicarase como se elixiron as mellores variedades de millo para fariña e como se melloran esas variedades.

Aprenderemos como conservar a fariña en perfectas condicións e, tamén que deliciosos produtos podemos cociñar coa fariña de millo.

A primeira parte explicarase mediante póster e a elaboración dos produtos poderase ver nun vídeo. Así mesmo, se levarán mostras de fariñas, mazorcas de millo de distintas variedades e un pequeno recetario para realizar distintos produtos.

Existe a posibilidade de levar produtos elaborados para degustar.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Departamento de Educación

3.- OBRADOIRO SAL DE MESA NOS OCÉANOS

Centro de investigación Instituto de Investigacións Mariñas

Monitores científicos: Francisco de la Granda (Titulado Superior) e Nicolás Villaceros (Titulado Superior))

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

Cun sinxelo experimento, con sal de mesa e colorantes, imos aprender moitas cousas sobre os movementos das masas de auga nos océanos. Persoal do Grupo de Oceanoloxía vainos facer unha simulación, nun pequeno acuario, de como se comportan dúas masas de auga de diferente salinidade. E simplemente, con sal de mesa, poderemos facernos unha idea do que ocorre coa circulación global dos océanos. A explicación acompáñase dun póster explicativo para ter unha visión máis ampla do proceso e situalo xeográficamente.

Explicaran ademais como fan para medir a salinidade do océano e teremos a oportunidade de ver o planeador submarino que atravesou o Océano Atlántico sen motor; un proxecto punteiro para recopilar datos sobre o cambio climático.

Necesidades loxísticas:

4.- PROXECCIÓN-TALLER ARQUEOLOXÍA NA PANTALLA

Centro de investigación: Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

Monitores científicos: Martín Dabezies (Investigador Lapa)

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

Proxección dos seguintes documentais, producidos ou coproducidos polo LaPa:

- Narradores do Caraguatá
- A casita do Hornero
- Pegadas da memoria
- Chaos de Amoeiro
- Neixón
- Ons: mar, terra e identidade
- A paisaxe arqueolóxica do Suído

Durante as proxeccións un monitor fará comentarios acerca do que se está a ver, e fomentará ás preguntas e a participación dos asistentes.

Lugar: Aula de 1º da E.S.O

Horario das proxeccións:

1ª sesión: 18:30 – 19:30.

2ª sesión: 20:30 – 21:30.

5.- OBRADOIRO *MERGÚLLATE NAS RÍAS: DESPENSA DE PEIXES E MARISCOS*

Centro de investigación Instituto de Investigacións Mariñas

Monitores científicos: Jesús Piñeiro (Licenciado en prácticas), persoal de apoio.

Destinatarios: nenos e nenas ata 11 anos.

Resumo do obradoiro:

Os máis pequenos deberán demostrar o que saben dos organismos que habitan nas rías galegas. Trátase dun xogo cun enorme taboleiro onde deberán colocar os peixes, mariscos e outros organismos no lugar no que viven, diferenciando o ecosistema areoso do ecosistema rochoso.

Ademais uno dos nosos científicos contará cousas moi interesantes sobre os cefalópodos e todos os participantes levaran un recordo do xogo.

6.- OBRADOIRO *O NUNCA VISTO: O PASADO BAIXO O MICROSCOPIO*

Centro de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.

Monitores científicos: Lucía Moragón (Predoutoral Lapa) e Roberto Aboal (persoal Lapa)

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

Os participantes poderán ver a través do microscopio, diferentes preparacións de materiais arqueolóxicos e pole, que amosan moito máis do que se pode ver a simple vista. Algúns materiais relacionados coa alimentación no xacemento de A Lanzada serán protagonistas da actividade. Os monitores explicarán aos participantes o que están a ver, e facendo, preguntas abrirán novas incógnitas.

7.-OBRADOIRO *ARENOGLIFOS. LEVA Á CASA O TEU PETRÓGLIFO*

Centro de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento

Monitores científicos: Sonia García (Persoal Lapa)e Carlos Otero (Técnico superior Act. Prof. Lapa)

Destinatarios: nenos e nenas ata 11 anos.

Resumo do obradoiro:

Neste obradoiro os participantes poderán facer unha pequena réplica dun dos diferentes petroglifos que se lles subministran como modelo. Con area e pintura, os cativos, aos que está especialmente dirixido o obradoiro, poderán facer unha réplica que poderán levar a casa.

8.- CONCURSO DE DEBUXO *¿CÓMO SON @S CIENTÍFIC@S?*

Centro de investigación Delegación Institucional CSIC Galicia
Monitora científica: Luisa Martínez Lorenzo (Responsable UCC Galicia) e persoal de apoio

Destinatarios: nenos e nenas de 6 a 14 anos.

Resumo do concurso:

Establécense dúas categorías:

- Categoría 1: de 6 a 10 anos (de 1º a 4º de Educación Primaria)
- Categoría 2: de 11 a 14 anos (de 5º de Primaria a 2º ESO)

Este concurso de debuxo pretende detectar cá é a imaxe que teñen os mozos/as dos científicos, polo que aqueles nenos e nenas interesados poderán participar no mesmo.

9.- OBRADOIRO *ARQUEOLOXÍA EN 3D*

Centro de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
Monitores/as científicos: Patricia Mañana (Técnico medio Act. Prof. Lapa) e Wajari Velásquez (Persoal Lapa)
Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

O público poderá participar no escaneado 3D dunhas pezas arqueolóxicas manexando o programa informático e podendo ver os resultados en tempo real.

10.- OBRADOIRO *OS SEGREDOS DA VIÑA*

Centro de investigación Misión Biolóxica de Galicia
Monitores/as científicos/as: Mª Carmen Martínez (Científica Titular), Susana Boso (Doutora Contratada), Jose Luís Santiago (Doutor Contratado), Elena Zubiaurre (Técnica Superior)


Destinatarios: todos os públicos

Resumo do obradoiro

Obradoiro moi participativo. Realizarase: unha cata de uvas de diferentes variedades (Branca, Tintas, Vermellas..), a observación de follas prensadas de diferentes variedades (con formas moi diferentes), sementes, acios,...

Realizaranse tamén, medidas de grao alcohólico probable con refractómetro e observación dos pelos das follas con microscopio estereoscópico.

Aprenderemos tamén das enfermidades das vides: amosaranse ao microscopio, follas e acios con síntomas de enfermidades e faranse inoculacións de fungos en directo sobre follas, observando a viabilidade do fungo a través do microscopio óptico.



CONCELLO DE SANTIAGO

Departamento de Educación

11.- TALLER: ARQUELOXÍA NUN CLIC: A LANZADA E CASTROLANDÍN

Centro de investigación Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
Monitores científicos Actividade autónoma supervisada polo conxunto de monitores científicos do Lapa (Laboratorio do Patrimonio)

Destinatarios: todos os públicos.

Resumo do obradoiro:

Os asistentes disporán de dous ordenadores, conectados á páxina web do depósito de Castrolandín e ao *blog* do depósito de A Lanzada respectivamente. Nestas páxinas poderán atopar respostas a preguntas formuladas nalgúns dos obradoiros da Noite dos Investigadores.

EMPRESAS QUE PARTICIPAN NO PROGRAMA:

DAVILA (galletas mariñeiras) Farán unha degustacion das galletas e presentacion dos seus productos.

PORTO-MUIÑOS (algas). Levarán unha vitroceramica portatil e farán algunhas das receitas da súa Aula de Cociña, que darán a probar aos participantes.

Terras Gauda, e pequenas adegas familiares de Betanzos (Fundacion Juana de Vega). Estas adegas levan proxectos de I+D+I co Grupo de viticultura da Mision Bioloxica de Galicia. Non se fará degustacion de viño. As adegas aportan as botellas pechadas e os investigadores daranlle a probar ao publico as variedades de uvas coas que se fabrica o viño. Ofrécense a traer mosto para darlle aos rapaces.

Máis información:

Delegación Institucional do CSIC en Galicia

Coordinadora: Luisa Martínez Lorenzo. Centro de Investigacións Científicas

Tel.: 981 552788

Fax: 981 582049

coordinacion@csicgalicia.cesga.es

Concello de Santiago de Compostela

Departamento de Educación

Coordinadora: Beatriz Varela Morales-Técnico de Educación e Xuventude

Tel: 981 55 44 00

Fax: 981 57 15 11

dptoeducacion@santiagodecompostela.org

Mobil: 609 494898



MINISTERIO
DE CIENCIA
E INNOVACIÓN

